



**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O
DÍA DEZANOVE DE MAIO DE 2022 CON CARÁCTER ORDINARIO**

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Tenentes de Alcalde: D. MANUEL COSTA CARNEIRO
D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
Vogais: D. JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ COUTO
D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ
SECRETARIO: D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e dez minutos do día dezanove de maio de dous mil vinte e dous, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Carlos Martínez Carrillo, réunese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (19/04/2022).

Dáse conta da acta da sesión ordinaria celebrada o día dezanove de abril do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- - Instancias de obras de particulares e comunicacións previas.

2.1.- Instancia de Pazo del Canónigo de Galegos, para cambio de titularidade. (Expediente núm. 2022/U020/000002)

Dáse conta da declaración responsable achegada por don Daniel Alejandro Alonso Monteagudo, en representación de Pazo de Canónigo de Galegos, S.L de cambio de titularidade de licenza de “Adega de elaboración de viño albariño” emprazada en Galegos, 6 – Vilanova (San Pedro), denominada comercialmente Pazo de Galegos. Expdte.: número 2022/U020/000002.

A Xunta de Goberno Local, á vista do disposto, entre outras, na Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, toma coñecemento da documentación achegada e da declaración realizada por Pazo del Canónigo de Galegos, S.L SLU do cambio de titularidade da licenza mencionada.

Dáse conta tamén da liquidación da taxas correspondentes xa ingresadas na tesouraría municipal.

2.2.- Instancia núm. 202199900000434 de don Vicente Blanquer Torre e dona Rosa Gema Garate Vázquez (Expediente núm. 2021/U022/000022)

Dáse conta da citada instancia na que os interesados solicitan licenza para obras de rehabilitación de vivenda unifamiliar en Marzán de Abaixo, 21 - Vedra (Expdte: núm: 2021/U022/000022), en solo cualificado como “De núcleo rural (N-3)”, segundo o



vixente PXOM, nos termos da documentación técnica achegada asinada por don Eugenio Torreira Pais en calidade de arquitecto, sendo don Jesús Sánchez García o arquitecto-técnico e coordinador de seguridade e saúde. O orzamento de execución material ascende a 252.500,00 euros e cumpre, dende o punto de vista técnico, o vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal deste Concello de Vedra.

As actuacións solicitadas executaranse sobre a parcela con referencia catastral: 15090A503004780001SM.

Dáse conta tamén da autorización outorgada mediante Resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de data do 08/02/2022 (expdte: 2082/21), para as actuacións solicitadas, ao tratarse dunha intervención nun edificio nun ámbito catalogado polo vixente PXOM, debendo cumprir as condicións sinaladas no punto 2 dos antecedentes da mencionada resolución.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do expediente e do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.

2º.-. Executaranse conforme á documentación técnica achegada asinada por don Eugenio Torreira Pais, en calidade de arquitecto, con número de visado 2202255,2 e de data 20/04/2022.

En cumprimento do artigo 24 da Lei 2/2016 do solo de Galicia deberá dotar á finca de abastecemento de auga de maneira que se garanta a execución deste, e do sistema de eliminación de augas residuais, de forma simultánea coa edificación, estando a licenza de primeira ocupación condicionada ao seu correcto funcionamento. Deberán solicitar a preceptiva autorización de Augas de Galicia.

-A distancia mínima da fosa séptica e pozos filtrantes respecto dos lindeiros será de 3m, debendo gardar a distancia das aliñacións respecto das vías.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cinco mil cincuenta euros (#5.050,00#).

2.3.- Instancia núm. 202299900000281 de Unión Fenosa Distribución, S.A –Gas Naturgy –UFD (Expediente núm. 2022/U022/000012)

Dáse conta da citada instancia na que dona Ana María Salgado López, en representación de UFD Distribución Electricidad, S.A, solicita licenza para subministración eléctrica de 5.75KW para uso agrícola, proxéctase unha liña subterránea de baixa tensión con inicio en PAS e fin na CPM do solicitante, sendo a canalización da obra proxectada de 65 metros. SGD 618521090221. en Neira de Arriba - Ribadulla (San Mamede) (expedte: núm.: 2022/U022/000012), en solo cualificado polo vixente PXOM como De expansión dos núcleos rurais (N-2), e nos termos do proxecto técnico achegado asinado por don Alejandro Fernández Reza, en calidade de enxeñeiro industrial, cun orzamento provisional de 7.685,86 euros.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de



terceiros, acorda conceder a licenza solicitada de obra e ocupación do dominio público, debendo axustarse ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización a contar dende a data de concesión da licenza.

2º.-. As obras axustaranse ás seguintes condicións: executaranse conforme á documentación técnica achegada con data 06/04/2022.

3º.- Por tratarse dun uso común especial do dominio público e suxeito a licenza, deberá terse en conta o disposto nos artigos 3, 74 e seguintes do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, de bens das entidades locais, e a licenza entenderase axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos preceptos de carácter xeral; adecuándose á información gráfica que foi presentada. As licenzas outórganse directamente “salvo que por calquera circunstancia se limitara o número das mesmas, en cuxo caso outorgaranse por licitación”, circunstancia que non concorre no expediente ao que se refire o presente acordo.

Así mesmo teranse en conta as seguintes condicións: a autorización non é transmisíbel. Poderá ser revocada unilateralmente en calquera momento por razóns de interese público sen xerar indemnización cando resulten incompatíbeis coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produzan danos no dominio público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscaben o uso xeral. O interesado asume a responsabilidade derivada da ocupación; acepta a revogación unilateral, sen dereito a indemnizacións, por razóns de interese público nos supostos previstos no apartado 4 do artigo 92 da LPAP.

Dáse conta de que se constituíu garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública con rexistro de entrada neste concello número 202199900000122 de data 03/03/2021.

Así mesmo, deberase garantir a circulación do tráfico de vehículos e persoas sinalizando correctamente a obras. As actuacións solicitadas executaranse en condicións de seguridade e no menor tempo posible, de cara a minimizar as molestias aos usuarios da vía, sen que poida interromperse o tráfico rodado.

4º.- Aprobar a liquidación provisional do imposto municipal que ascende á cantidade de cento cincuenta e tres euros con setenta e dous céntimos (#153,72#).

2.4.- Autorización de ocupación do dominio público.

Dáse conta do expediente municipal número 2021/U026/000101 tramitado a instancias de don Tomás Rodríguez Lizana en representación de Telefónica de España, S.A. (Barcelona) para instalación de catro postes de madeira tipo 8E en vía pública, Ref. 8247575 – 3558559, no lugar de Outeiro – Vilanova (San Pedro), nos termos da documentación técnica achegada de data 21/02/2022, asinada por don Alfonso Goday Otero en calidade de enxeñeiro técnico industrial. As actuacións supoñen unha ocupación de terreos de dominio público.



Dáse conta da autorización emitida pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural. Expediente 2021/2324.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda:

1º.- Outorgar a licenza de uso común especial para as actuacións descritas na documentación técnica sinalada.

Por tratarse dun uso común especial do dominio público e suxeito a licenza, deberá terse en conta o disposto nos artigos 3, 74 e seguintes do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, de bens das entidades locais, e a licenza entenderase axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos preceptos de carácter xeral; adecuándose á información gráfica que foi presentada. As licenzas outórganse directamente “salvo que por calquera circunstancia se limitara o número das mesmas, en cuxo caso outorgaranse por licitación”, circunstancia que non concorre no expediente ao que se refire o presente acordo.

Así mesmo teranse en conta as seguintes condicións: a autorización non é transmisíbel. Poderá ser revocada unilateralmente en calquera momento por razóns de interese público sen xerar indemnización cando resulten incompatibles coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produzan danos no dominio público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscaben o uso xeral. O interesado asume a responsabilidade derivada da ocupación; acepta a revogación unilateral, sen dereito a indemnizacións, por razóns de interese público nos supostos previstos no apartado 4 do artigo 92 da LPAP.

Deberá constituírse garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública. Estando condicionado o inicio das actuacións ao cumprimento da mesma.

Así mesmo, deberase garantir a circulación do tráfico de vehículos e persoas sinalizando correctamente a obras. As actuacións solicitadas executaranse en condicións de seguridade e no menor tempo posible, de cara a minimizar as molestias aos usuarios da vía, sen que poida interromperse o tráfico rodado.

2º.- Notificar o presente acordo aos interesados no expediente.

2.5.- Comunicación de obra de dona Isabel Vilas Otero. (Expediente núm. 2021/U026/000112)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por dona Isabel Vilas Otero para substitución da cuberta de tella existente en mal estado por unha cuberta nova formada por placas de fibrocemento e cubrición con tella curva nova de cor vermello.

Dáse conta do expediente DH.W15.81122 de declaración responsable en Augas de Galicia e do cumprimento da normativa sectorial de aplicación.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 002203000NH43G, emprazada en Trasariz, 12 - Sales (San Fins), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como Dos núcleos rurais (N-1), e con un prazo de execución de 12 meses.



A Xunta de Goberno Local, a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

1º.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada e aos datos comunicados.

2º.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de douscentos once euros con dezasete céntimos (#211,17#).

2.6.- Comunicación de obra de don Carlos David Mirás Bello. (Expediente número 2022/U026/000016)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por don Carlos David Mirás Bello para instalación de paneis solares en vivenda unifamiliar, nos termos da documentación técnica achegada asinada por don Cristóbal Rodríguez Alonso en calidade de enxeñeiro industrial e de data 03/03/2022.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 15090B50101045, emprazada en Calzande, 17 - Sales (San Xián), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como De expansión dos núcleos rurais (N-2), e cun prazo de execución de 3 meses.

A Xunta de Goberno Local, a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

1º.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación técnica achegada e aos datos comunicados.

2º.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de sesenta e cinco euros con noventa e cinco céntimos (#65,95#).

2.7.- Comunicación de obra de don Manuel Villaverde Sánchez. (Expediente número 2022/U026/000023)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por don Manuel Villaverde Sánchez para renovación de cheminea de vivenda unifamiliar.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 001501300NH34B, emprazada en Paradela, 31 - Sales (San Xián), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como De expansión dos núcleos rurais (N-2), e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

1º.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada e aos datos comunicados.

2º.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cincuenta euros (#50,00#).



2.8.- Instancia núm. 202200000000117 de don Miguel Angel Lamas Rial. (Expediente número 2022/U007/000002).

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio a efectos de notificacións en Cacheiras (Teo), expón que con data do 25/08/2020 a Xunta de Goberno Local concedeulle licenza para construción de vivenda unifamiliar en Malfurado, 5 – Trobe (San Andrés), referencia catastral da parcela 15090A50500043, (licenza número 2020/U022/000021), nos termos da documentación técnica achegada asinada por don Luís Ruibal Rodríguez en calidade de arquitecto, e que rematadas as obras e achegando a documentación preceptiva solicita a concesión da licenza de primeira utilización.

Dáse conta tamén que se achega escritura notarial formalizando a cesión de vías prevista na lei e aceptada co acordo de concesión da licenza.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos servizos técnicos municipais e do disposto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (artigo 142), no Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, así como na demais lexislación de aplicación, acorda conceder a licenza de primeira ocupación (expediente.: 2022/U007/000002) e aprobar a liquidación das taxas correspondentes, que ascenderon, segundo a liquidación practicada para o efecto, á cantidade de sesenta euros (#60,00#) euros.

A licenza outórgase deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2.9.- Instancia núm. 202199900000399 de don Antonio Nodar Gómez. (Expediente número 2021/U022/000021)

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Ribadulla (San Mamede) - Vedra, solicita licenza para obras de edificación auxiliar para garaxe de maquinaria e apeiros agrícolas de 50 m² de superficie construída en Os Muíños, 6 – Ribadulla (San Mamede) (expediente núm.: 2021/U022/000021), en solo cualificado como “Rústico de Especial Protección de Augas. R-6”, segundo o vixente PXOM, nos termos da documentación técnica achegada, asinada por José M. Pena Alonso en calidade de enxeñeiro técnico agrícola, e un presuposto de execución material de 9.367,56 euros e que cumpre, dende o punto de vista técnico, o vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal deste concello de Vedra.

As actuacións solicitadas executaranse sobre da parcela con referencia catastral: 15090A50702081.

Dáse conta tamén da Resolución da Dirección de Augas de Galicia, de data 21/02/2022, autorizando as actuacións solicitadas. Expediente DH.W15.82167.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:



1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.

2º.- Executaranse conforme á documentación técnica achegada, asinada por José M. Pena Alonso, de data 21/04/2022.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cento oitenta e sete euros con trinta e cinco céntimos (#187,35#)

2.10.- Comunicación de obra de dona Natalia Vigo Barreiro. (Expediente número 2021/U026/000088)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por dona Natalia Vigo Barreiro para rehabilitación de edificación auxiliar existente consistente en colocar tella do país sobre uralita e tella e recebado e pintado de dúas das fachadas.

Dáse conta da autorización outorgada polo Servizo do Patrimonio Natural con data do 21/02/2022. Expdte.: n/r: 0020/2022

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 15090A003000020000SJ, emprazada en Calzande, 9 – Sales (San Xián), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como Solo rústico de especial protección de espazos naturais (R-5), e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

1º.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada e aos datos comunicados. Así mesmo atenderase ao contido do informe emitido polo Servizo do Patrimonio Natural.

2º.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de oitenta e sete euros (#87,00#).

2.11.- Instancia núm. 202299900000361 de don Carlos Varela Pérez. (Expediente prórroga número: 2022/U003/000001)

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Santiago de Compostela, expón que a Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 28/04/2016 concedeulle licenza para construción de vivenda unifamiliar en Trasariz de Abaixo, 16 - Vedra (Expediente número 2016/U022/000008) e, con data do 09/05/2019, concedeulle unha prórroga para o remate das obras. Tendo en conta que por diversos motivos non puido rematalas, solicita a concesión dunha segunda prórroga achegando fotos do remate exterior da vivenda en construción.

A Xunta de Goberno, á vista do disposto no artigo 145 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, acorda concederlle unha segunda prórroga, por un novo prazo de 3 anos, para a finalización das obras obxecto do expediente.



A prórroga concedida entenderase dende a expiración do prazo inicialmente concedido ou dende a finalización do prazo da prórroga anterior.

3º.- Acordo, se procede, sobre devolución de avais.

3.1.- Escrito de Hermanos Villar A.U, S.L.

Dáse conta do citado escrito no que don Ubaldo Villar Costoyas, en representación de Hermanos Villar A.U. S.L. solicita a devolución do aval constituído para responder da execución do contrato asinado con data 19/11/2018 para a *Subministración dun vehículo tractor e dous apeiros – rozadoiras (unha de arrastre e outra de brazo)* (Expdte: nº 2018/C005/000002) cofinanciadas pola Consellería do Medio Rural segundo convenio asinado ao efecto.

Transcorrido o prazo de garantía, a Xunta de Goberno Local acorda proceder á súa devolución.

4º.- Acordo, se procede, sobre concesión de subvencións para o desenvolvemento de actividades levadas a cabo por entidades sen ánimo de lucro no termo municipal de Vedra durante o ano 2022.

Dáse conta da convocatoria das citadas subvencións, aprobada por Resolución da Alcaldía núm. 116/2022, de data 21 de febreiro, e publicada con data 28 de febreiro no BOP núm. 40/22, no taboleiro de anuncio, na páxina web municipal e na sede electrónica municipal (<https://sede.vedra.es>)

De acordo coa proposta da comisión de valoración, en función dos criterios establecidos na base 7ª reguladoras das citadas subvencións, aprobadas polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria celebrada o día 31 de marzo de 2017, modificadas por acordo plenario do 27 de marzo de 2019 (BOP núm. 77/189, do 24 de abril), a Xunta de Goberno Local acorda:

PRIMEIRO- Conceder as seguintes subvencións:

SOLICITANTE	OBXECTO	PUNTOS	IMPORTE
ASOCIACION CULTURAL RAICEIROS	Caderno de campo. Camiño Xacobeo Miñoto –Ribeiro	100	1.809,95
ANPA CEIP ORTIGUEIRA	Leo, leo, que les?	85	1.538,46
ASOCIACIÓN CULTURAL PAPAVENTOS	XVII Mostra de Teatro Amador “Teatrofilia”	77	1.393,67
ASOCIACIÓN	Campamento	100	1.809,95



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Telef. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



MEDIOAMBIENTAL AMABUL	Escautullán Xuvenil 2022		
ASOCIACIÓN XUVENIL ACUXUBE	Acuxuve en marcha	63	1.140,27
ASOCIACIÓN UNIÓN E PROGRESO	Veciñanza á praza	64	1.158,37
ASOCIACIÓN MOTEIR@S VAL DO ULLA	Concentración moteira para a promoción do Camiño Francés de Santiago, do turismo e eliminación de infrarepresentación feminina	58	1.049,77
ASOCIACIÓN DE FESTEXOS SAN XIÁN	Proxecto de conservación da tradición dos entroidos do Ulla na parroquia de San Xián de Sales	38	687,78
ASOCIACIÓN A GAITA DE SARANDÓN	Músicas de Requinta	78	1.411,76
TOTAL			12.000,00

SEGUNDO.- Notificarlle o presente acordo ás entidades beneficiarias das mesmas e publicalo na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios da casa do concello, de acordo co establecido na base 11 das reguladoras das subvencións.

TERCEIRO.- As entidades beneficiarias deberán xustificar as axudas, unha vez rematadas as actividades ou programa obxecto da mesma, mediante a presentación da documentación establecida na base 13 das reguladoras das mesmas, entre o 1 e 0 31 de xaneiro de 2023.

5º.- Dar conta de Resolucións da Alcaldía.

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía do mes de abril:

DECRETO	DATA	ASUNTO
194	04/04/2022	Baixa de recibos de recollida de lixo dos exercicios 2016, 2019, 2020 e 2021, a proposta da Deputación Provincial, e como consecuencia cambio de titularidade no padrón fiscal da vivenda núm. 13 da Rúa Alcalde Francisco Carrillo – Santa Cruz de Ribadulla
195	06/04/2022	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do Programa Conxuga, modalidade ludoteca, correspondente á mensualidade de abril
196	06/04/2022	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



		bancaria do Programa Conxuga, modalidade servizo de madrugadores, correspondente á mensuralidade de abril
197	06/04/2022	Acordando prórroga dun ano do contrato de prestación de servizo de limpeza de locais municipais (Establecida no PCAP)
198	06/04/2022	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria da actividade de inglés correspondente á mensuralidade de abril
199	06/04/2022	Estimación reclamación por responsabilidade patrimonial formulada por Leasys SPA Sucursal en España por danos sufridos en vehículo o 06/07/2021
200	06/04/2022	Alta no padrón municipal de habitantes
201	07/04/2022	Cambio de domicilio no padrón municipal de habitantes
202	07/04/2022	Adxudicación praza vacante na EIM, curso 2021/2022 á RSA
203	07/04/2022	Alta no padrón municipal de habitantes
204	07/04/2022	Adxudicación praza vacante na EIM, curso 2021/2022 á UPI
205	08/04/2022	Concesión tarxeta de aparcamento para persoas con discapacidade (CRC)
206	08/04/2022	Reincorporación na EIM logo da suspensión temporal de DCR
207	12/04/2022	Solicitude de subvención á S.X.I para o Programa de Conciliación Conxuga 2022
208	12/04/2022	Aprobación xustificantes de gastos vinculados a telefonía e internet, incluídos na relación de facturas F.2022.11, por importe de 3.624,62 euros
209	12/04/2022	Solicitude de subvención para a dinamización do Xacobeo <i>O Teu Xacobeo. Vedra Camiño Xacobeo 2022</i>
210	12/04/2022	Aprobación xustificantes de gastos vinculados á prestación do servizo da EIM correspondente á mensuralidade de marzo 2022
211	12/04/2022	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do servizo da Escola Infantil Municipal correspondente á mensuralidade de marzo
212	13/04/2022	Aprobación certificación núm. 4 da obra de Ampliación abastecemento en Laraño zona sur 8 POS + Adicional 1/2019) e factura correspondente da empresa adxudicataria Obras y Viales de Galicia, S.L, por importe de 31.172,72 euros
213	13/04/2022	Aprobación xustificantes de gastos vinculados á subministración eléctrica incluídos na relación de facturas F.2022.12, por importe de 11.976,33 euros
214	13/04/2022	Aprobación proxecto de Partipatory governance for the European Unión cultural-historical values of tradicional agricultural landscapes-winEU.rur, e solicitude de subvención dentro do Programa Cidadáns, Igualdade, Dereitos e Valores (CERV 2021 -2027)



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



215	13/04/2022	Designación membros da Comisión Avaliadora das solicitudes de subvencións para o desenvolvemento de actividades levadas a cabo por entidades sen ánimo de lucro no termo municipal exercicio 2022
216	18/04/2022	Aprobación listaxe candidatos/as excluídos/as, designación do tribunal, data, hora e lugar das probas (PEL-Concellos 2022)
217	18/04/2022	Pago bonos alimentos á supermercados
218	18/04/2022	Concesión tarxeta de aparcamento para persoas con discapacidade (LRMR)
219	18/04/2022	Designación vogal –técnico designado pola Alcaldía na Mesa de Contratación da obra de Saneamento en Santa Cruz (POS + Adicional 2/2021)
220	18/04/2020	Alta no padrón municipal de habitantes
221	19/04/2022	Autorización acometida e conexión con saneamento en Fontao nº 26 – Vedra
222	19/04/2022	Alta no servizo de abastecemento de auga da vivenda sita no núm. 7 de Laraño –San Xián de Sales
223	19/04/2022	Autorización conexión abastecemento de auga á vivenda sita en Laraño nº 61 – San Xián de Sales
224	19/04/2022	Alta no servizo de abastecemento de auga da vivenda sita no núm. 41 de Nande –San Fins de Sales
225	20/04/2022	Adxudicación praza vacante no Programa Conxuga, modalidade de madrugadores á DNB
226	20/04/2022	Alta no padrón municipal de habitantes
227	20/04/2022	Aprobación proxecto, memoria e solicitude do Plan de investimento para a construción, reforma ou ampliación de equipamentos sociais públicos municipais a través de convenio asinado entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e a Xunta de Galicia, para o proxecto de creación conxunta dun centro de día e dunha miniresidencia para os concellos de Vedra e Boqueixón 2022
228	21/04/2022	Aprobación e ordenación de devolución de ingresos indebidos a favor de M ^a . C. C.V por erro na lectura do contador do servizo de abastecemento de auga
229	21/04/2022	Cambio de domicilio no padrón municipal de habitantes
230	22/04/2022	Aprobación do Padrón fiscal da taxa de abastecemento de auga potable do 1º trimestre de 2022
231	22/04/2022	Cambio de domicilio no padrón municipal de habitantes
232	22/04/2022	Aprobación equiparación posto de traballo de técnico de xestión cultural mediante a aplicación da valoración asignada ao posto de traballo da RPT
233	22/04/2022	Dotacións económicas aos grupos políticos municipais do 1º trimestre de 2022
234	22/04/2022	Aprobación indemnizacións por asistencias aos concelleiros/as do 1º trimestre de 2022
235	25/04/2022	Alta no padrón municipal de habitantes



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



236	25/04/2022	Alta no padrón municipal de habitantes
237	26/04/2022	Aprobación nóminas do mes de abril
238	26/04/2022	Aprobación conta xustificativa presentada pola Asociación Senunpeso Producións correspondente á anualidade 2021 e orde de pagamento do importe concedido
239	26/04/2022	Expediente limpeza de finca en San Andrés de Illobre
240	26/04/2022	Expediente de xestión de biomasa de parcela en Vilapedre (lei de prevención de incendios)

A Xunta de Goberno dáse por informada.

Conclúe ao fío das vinte e unha horas e trinta minutos.